

V CAMPAÑA DE INTERVENCION NO CASTELO DA ROCHA FORTE (SANTIAGO DE COMPOSTELA). NOVAS PRELIMINARES DA ACTUACION NO ANO 2006

Por Raquel CASAL, Fernando ACUÑA, José Ramón MARTÍNEZ, Guillermo SANTAMARIA

Departamento de Historia I
Universidade de Santiago

Abstract: This article presents preliminary results of the fifth campaing of archaeological excavations in the medieval fortress of A Rocha Forte. The discovery of monumental barbican and ceramic, warfare materials altogether illustrate the importance of the site for the medieval history of Galicia.

Keywords: Galicia, Fortress, Middle Age, XIII-XV Century

Entre os meses de xuño e agosto do 2006 tivo lugar unha nova campaña de excavación na fortaleza baixomedieval da Rocha Forte (Santa María de Conxo, Santiago de Compostela),¹ que foi acompañada, como en anos anteriores, dos correspondentes labores de consolidación e restauración levados a cabo pola Empresa BIC SLL.

Na intervención deste ano os obxectivos plantexados consistiron en: facer un novo levantamento topográfico, rematar as actuacións en sectores excavados parcialmente no pasado, e na excavación do lenzo Oeste da cerca principal, entre a entrada e o torreón Suroeste. Tamén comprendía a limpeza da babacá na sua parte Leste. As labores de consolidación comprendían os restos murarios da cerca

¹ Os traballos foron realizados polo equipo de investigación Arqueopat GI-1533 da USC, dirixido polos dous primeiros asinantes e financiados polo Consorcio de Santiago. Formaron parte do equipo técnico os licenciados José Ramón Martínez Casal e Guillermo Santamaría Gámez e colaboraron nos traballos Sara Rodríguez Souto, Víctor Vázquez Domínguez, Nuria Liñeiro Gerpe, María Campelos Alvarez, e Goretti González Vila.

Oeste entre a entrada e a vía férrea, tódolos muros e canalizacións da zona Sul, e a parte onde na campaña anterior se localizou un pozo revestido de granito. Asimesmo plantexabamos a desmontaxe da zona central da barbacá no lado Sul, que dende a campaña do 2004 tiñamos apuntalada por problemas de estabilidade².

En primeiro lugar volveuse a realizar a limpeza total de todo o xacemento, xa que ao non terse feito labores de mantemento durante o ano, o inicio de todas as campañas obligáanos a unha labor de roza e liberación da vexetación e entullo acumulado no tempo en que non realizamos as excavacións, debido principalmente a que se trata dun xacemento abierto, sen protección algúnhia, pese as reiteradas propostas pola nosa parte de que os restos do castelo que vain saindo á luz deberían pecharse xa, non tanto polo deterioro que poidan causar os visitantes, senón tamén polo perigo que resultan algunhas das zonas excavadas. Tamén houbo que retirar escombreiras do ano anterior.

As novas bases topográficas eran necesarias porque, as realizadas no 2001, víronse modificadas en primeiro lugar, polas obras motivadas polo desdoblamento da vía férrea para o tren de alta velocidade, que afectaron todavía mais á parte Norte da Fortaleza. En segundo lugar, a progresión das labores de excavación modificaron sensiblemente a topografía do lugar. No novo levantamento topográfico recolléronse os cambios sucesivos no tempo no terreo do xacemento, así como o rexistro do entorno inmediato da Fortaleza, a representación das vías de acceso e o río Vilar que discorre polo Leste, así como os cambios que ocasionaron as devanditas obras ferroviarias.

Para a realization do mesmo, empregóuse o método das estacións recíprocas, consistente en estacionar en varios puntos ou estacións ao longo dun recorrido e dende cada unha delas facer un levantamento á estación anterior e á seguinte.

A primeira estación está situada nun punto de coordenadas U.T.M. coñecidas que son as seguintes: n(534973.451;4745749.736 ;184.567).

Posteriormente á toma de datos, procedeuse ao volcado dos mesmos no programa informático de topografía m.d.t. 4.0 Así obtívose o plano de curvas de nivel.(ver plano nº1. Topográfico inicial).

Nos cadros seguintes se observan as coordenadas X-Y-Z, das estacións e dos puntos que constitúen o levantamento:³

² Para os antecedentes e as campañas anteriores véxanse os artigos publicados polos autores nesta mesma revista dende o ano 2004, así como un resumo no Catálogo *Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago 2006, 430-437, ainda que temos que sinalar o feito de que os péns das ilustracións non corresponden con exactitude ao por nós enviado.

Na revisión do P.X.O.M figura este xacemento cód. código GA 15078061 con un grado de protección 2 e a cualificación urbanística do entorno é de solo rústico de protección patrimonial, artística ou histórica.

³ O cálculo das coordenadas U.T.M. realizouse co programa informático de topografía topcal®.

| Nº de | X | Y | Z |
|----------------|------------|-------------|---------|
| E ₁ | 534973.451 | 4745749.736 | 184.567 |
| E ₂ | 534993.147 | 4745646.600 | 182.511 |
| E ₃ | 35005.070 | 4745637.512 | 176.638 |
| E ₄ | 535023.247 | 4745675.633 | 184.371 |

A metodoloxía e o sistema de rexistro arqueolóxico utilizados na excavación seguiron as mismas pautas que nas campañas anteriores. Os sectores excavados correspondieron aos numerados 22/23/32/33, 31/31/41/41, 35 e 47/57/67/77 que constituen un total de 152,76 m², dos que facemos agora unha somera descripción.

Sectores 22/23

Os obxectivos nesta área foron completar a excavación no intervalo da liza que quedara sen rematar na campaña anterior, como xa comentáramos. Nesta zona seguíuse rebaixando o terreo ata chegar ao xabre, quedando ao descuberto os cimentos da cerca interior que constan de catro fiadas de blocos de granito sen escuadrar, asentados directamente sobre o sustrato e a parte inferior da barbacá, asentada tamén directamente sobre o mesmo, e formada por blocos de granito con fábrica de sillarexo e con elementos de decoración arquitectónica reutilizados na base. A lonxitude excavada foi de 7,51 metros. Na zona que afecta al torreón suroeste excavouse ata a cimentación poñéndose ao descuberto tres novas fiadas de sillares ben traballados co que nalgunas parte chega acadar un total de sete. Nesta parte non aparecen restos da barbacá, ainda que no perfil Sul pódese intuir, pola dirección que leva a barbacá, que se abre cara o SW para rodear o torreón, ainda que esta zona quedou fora da intervención deste ano.

Neste espazo, foi onde se localizaron a maior parte dos materiais arqueolóxicos o que nos fai pensar que, dada a sua homoxeneidade, sexan aportes procedentes do interior do Castelo utilizados como recheos.

Sector 35

A intervención realizada nesta zona pretendía clarejar a conexión entre as canles documentadas no exterior da Fortaleza e o subterráneo coa zona da fonte localizada na excavación do ano 2004.

A retirada dos restos sedimentarios e de pedras nesta parte, permitiu documentar a saída das canles que confluen superpostas, debaixo discorre unha canle excavada na rocha con pedras nos laterais, a unha cota inferior ás canalizacións, que cecás teña algunha relación coa pileta, algo que non poidemos comprobar pola existencia dunha grande cantidade de entullo cuia retirada presenta dificultades técnicas.

Sectores 31/32/41/42

A pretensión nestes sectores era comunicar a entrada excavada na campaña do 2003, coa zona do torreón SO.

A excavación na parte Leste comenzou pola retirada do manto vexetal baixo o cal apareceu un nivel de entullo formado por pedra miuda, terra solta e materiais modernos como porcelana, vidro, latas, etc. Esta unidade estratigráfica cubría un derrubo de sillares e bolaños de grande tamaño cunha importante cantidade de elementos arquitectónicos.

Unha vez retirado este, documentouse na zona central unha acumulación de tella moi compactada, que cubre un nivel de pavimento asentado sobre un depósito de terra marrón escura, compacta e de grao fino.

Localizáronse dous buratos de poste en sentido transversal á cerca muraria que corresponderían a un entramado en madeira adosado posiblemente á dita cerca, e que cubriría o pavimento o que explicaría a abundancia da tella atopada. Tamén, no pavimento había unha gabia rectangular en sentido N.-S., cuberta de terra e xabre, que poidera estar en relación coa estrutura do pozo documentado no ano 2005 e que correspondería a unha ocupación serodia do Castelo.

Pola sua parte, na zona Oeste a intervención comenzou tamén pola retirada do manto vexetal, tralo que se documentaron distintos niveis relacionados con labores agrícolas e con escorrentías. A continuación, xurdíu un derrubo de pedras de granito de grande tamaño xunto con tellas e terra marrón ao que sucede un nivel de pedras de grandes dimensións, aparentemente colocadas, cunha argamasa amarela. Por debaixo, había niveis cunha grande cantidade de cunchas de ostra e tellas.

En canto ás estruturas, localizáronse as seguintes:

A cerca Oeste da Fortaleza, coa estrutura interna de recheo e un único sillar exterior. A banqueta da nivelación, composta por lousas de granito asentadas sobre a cimentación, feita con blocos de granito dispostos a xeito de tizón, asentados no sustrato.que servirían para asentar e nivelar os sillares da cerca. Tamén se puso ao descuberto duas fiadas de sillares pertencentes ao torreón SO e tres líneas superpostas de sillares de gran tamaño que formarían parte do torreón posiblemente cuadrangular da entrada.

Sectores 47/57/67/77

Nestes sectores a finalidade principal foi a de descubrir todo o lenzo exterior da barbacá na sua parte Leste, continuando deste xeito os traballos iniciados na anterior campaña. Na intervención usáronse medios mecánicos xa que se tratava dun tramo composto polo manto vexetal e o derrubo procedente do Castelo que chegaba ata o nivel inferior.

Os resultados foron óptimos xa que, na liberación da barbacá, recuperáronse grande cantidade de sillares con diversas marcas de canteiro, bolaños, pezas de

canles e fragmentos de materiais de decoración arquitectónica como fustes, entre outros.

Asimismo, e como principal nova, está o descubrimento dun bastión de forma trapezoidal, moi ben conservado, asentado sobre a rocha. Hai que salientar o feito de que os traballos tiveron que rematar xusto ao chegar ao talude provocado polas obras do desdoblamento da vía do tren que tapan a parte mais ao Norde da barbacá.

A lonxitude da barbacá descuberta dende o torreón SE ata o talude da vía férrea é de 35,95 metros; a 12,10 metros do mesmo atópase o baluarte de 11,30 metros de lonxitude, 4 m. de altura. A altura de barbacá oscila entre os 3,65 metros na parte Sul e os 4,50 m. na zona pegada a vía do tren.

MATERIAIS⁴

Na campaña deste ano exhumáronse un total de 732 pezas entre materiais cerámicos, tanto de uso doméstico como de construción, líticos, metálicos, un par de numismas e restos, tanto de malacofauna como óseos.

Hai que facer notar o feito de que a maioría das pezas apareceron na liza, agás o abundante material de construción procedente do exterior da barbacá Leste.

Cerámica

Os materiais recuperados responden esencialmente ás mesmas características dos atopados nas campañas anteriores, consistentes en numerosos fragmentos cerámicos de produción local destiñados ao uso de cociña e almacenaxe, como olas, xerras, pratos e posíbeis tapadeiras. Predomina o tipo de ola de corpo globular así como a cocción reductora sobre a oxidante. Tamén hai anforiñas pero con escasa representación.

Localizáronse tamén un pequeno conxunto de cerámicas de importación procedentes de olarías, fundamentalmente levantinas, caracterizadas por ter un tratamento superficial a base de esmaltes e vidrados, como pratos, cuncos ou escudelias que presentan decoracións en azul e reflexo dourado e destiñadas ao servizo de mesa.

Algo novedoso foi o achado dun fragmento de borde dun cántaro de tradición musulmán.

Mención aparte merece a cerámica empregada na construción, como a tella curva de coloración vermella / alaranxada feita con arxillas ferruxinosas con

⁴Todos os materiais móveis atopados foron entregados ao Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela, agás mais de trescentas pezas de granito procedentes do derrubo das estruturas do Castelo (sillares, pías, canles, etc.) así como balaños que foron depositados nunca leira próxima á Fortaleza á espera do que determine a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

abundante degraxante de seixo e granito e moita dela con marcas dixitais no seu exterior.

Metais

Relativamente abundante é a presencia de obxectos metálicos, singularmente cravos (74) de diferente tipoloxía, de cabeza circular, cadrada e rectangular co espigo, polo xeral, de sección cadrada., que sen duda estannos a indicar que servirían para usos diferentes. Tamén se atoparon escarpías, bisagras, eslabóns, unha ferradura e diversas escouras ou restos de fundición.

Tamém hai que salientar as agullas de bronce para tocador.

Numismas

Só se recuperaron duas pezas en mal estado de conservación sobre as que todavia non podemos adiantar nada, á falla da sua limpeza e consolidación.

Líticos

Constituen o maior número de pezas localizadas na campaña deste ano tanto en cantidade como na súa diversa funcionalidade. Así, hai elementos de decoración arquitectónica como fustes con motivos vexetais metopados, basas de columna, capiteis góticos, fragmentos de celosía e un merlón; outros son balísticos como balaños de distinto diámetro e proxectís de bombarda.

Asimesmo recuperaronse diversas tapadeiras semellantes ás aparecidas en Peñaderruz, Ascoz e Tinter Abbey datadas todas elas entre os séculos XII e XV⁵. Sobrancean a grande cantidade de sillares aparecidos na zona da barbacá Leste, moitos deles con marcas de canteiro, sendo as mais numerosas a O e a + e unha moi interesante con forma de fouciño.

Asimesmo, resulta singular a abundante presenza de fragmentos de canles con sección cadrangular. Finalmente, tamén se recuperaron obxectos menores como alisadores.

Varios

Entre o restante material temos que referirnos aos restos óseos correspondentes a ovicápridos, suídos e vacún, xunto con algunas mostras de estuco que revelan o xa coñecido revestimento das paredes, e uns pequenos fragmentos de vidro.

⁵ GUTIERREZ GONZALEZ, J.A., Peñaferruz (Gijón). El castillo de Curiel y su territorio, Serie Patrimonio, VTP Editorial, Gijón 2003, pp. 260.

CONSIDERACIÓN FINAIS

Tras cinco campañas de traballos podemos considerar que xa temos definida a planta do Castelo por tres dos seus lados xa que o lado Norte está afectado pola vía do tren pero non debería diferir moito do que sucede no Sul.

Así, tense localizado toda a barbacana nos lados Leste e Sul, completado parte do torreón SO e engarzando este cá entrada sita ao Oeste, descobrindo tanto a muralla interior como a cerca externa.

Precisamente na parte occidental é onde peor se conserva o trazado xa que, ao longo do tempo e dende a destrucción, xa a mediados do século XV, os veciños levaron os sillares que lle facían falla por ser a zona de mais doado acceso, e iso explica que no paramento externo só ficara un siller.⁶ Aparte disto hai que considerar as múltiples referencias sobre o traslado das pedras ao Pico Sacro para construir alí unha fortaleza o que está perfectamente documentado non só no pleito Tabera-Fonseca senón noutras fontes.

A parte Leste de barbacá foi outra das zonas excavadas que proporcionou datos moi interesantes sobre a estrutura externa da Rocha xa que permitiu comprobar a existencia dun baluarte trapezoidal, moi ben conservado, sito enfronte da entrada principal do Leste. A mágoa é non poder continuar a excavación por toparnos co talude da vía do tren.⁷

A limpeza das canles de entrada e saída das augas, tanto extramuros como intramuros, e a sua conexión cá pileta interior permitiu observar a complexidade do sistema hidráulico e o seu funcionamento do que ata agora non atopamos paralelos.

A estratigraffía rexistrada amosa, unha secuencia na que, tralo manto vexetal, percébese nidiamente o nivel de derrubo correspondente á destrucción feita polos irmandiños (precedido das sucesivas acumulacións de diversos materiais feitas nos séculos posteriores ata a nosa intervención), seguido polos distintos niveis de ocupación nos case dous séculos de vida da Fortaleza.

En canto os materiais, temos unha continuidade co atopado nos anos anteriores xa que a cerámica confirma tanto as producións locais como as importacións, do ámbito levantino fundamentalmente, o material pétreo amosa a riqueza na

⁶Tamén hai que ter en conta o que relatan as fontes sobre o transporte das pedras do Castelo ao Pico Sagro para facer alí outra Fortaleza. Véxase a declaración do testigo Juan de Silva en el pleito Tabera-Fonseca (RODRIGUEZ GONZALEZ, A., Las Fortalezas de la Mitra Compostelana y los "irmandiños", MCMLXXXIV, p.180). A existencia desta fortaleza está avalada polas referencias existentes sobre diverso armamento, singularmente ballestas, algo sorprendente si temos en conta o que narran algunhas fontes sobre que só podería acoller dez ou doce homes. (FRAGA DIEZ, G.F.C., Referencias a las armas utilizadas en las luchas nobiliarias gallegas en el siglo XV, Gladius 1988, p.104)

⁷As actuacións derivadas das obras do Tren de Alta Velocidade incidiron gravemente sobre o xacemento xa que se expandiron pola parte Norde do mesmo, de xeito que será imposible no futuro intervir nesa zona que afecta ao torreón NE da muralla interior e a continuidade da barbacá cara á vía férrea.

decoración arquitectónica que debeu ter o Castelo, os cravos confirman a utilización da madeira e os bolaños e outros obxectos balísticos amosan a sua utilización no asedio e nos informan dos medios utilizados nesa época.

En relación coa abundancia de bolaños hai que salientar o feito de coñecer por Diego de Valera que cando o Conde de Trastamara pretendeu tomar a Fortaleza da Rocha no ano 1458, disparó durante os seis meses que duró o asedio por medio de *tres yngenos y otros pertrechos, mill e quinientas piedras de ynguenio*⁸.

Finalmente as cunchas de ostra confirman a sua utilización na construción e os restos óseos proporcionan dados sobre o sistema alimenticio da época que, non ofrecen variacións, cós expostos nos artigos anteriores.

No que se refire á planta e a arquitectura, estamos convencidos da notoria influencia francesa no trazado e na execución deste castelo gótico. Hai que ter en conta que nesta época os arquitectos e inxeñeiros franceses estaban á cabeza deste tipo de construcións debido, en grande medida, ao coñecemento que tiñan das fortificacións levantadas na Terra Santa cí gallo das Cruzadas. Xa nas obras que D. Juan Arias, que foi o ideólogo da Fortaleza, mandou facer na cabeceira gótica da Catedral de Santiago observóuse este aspecto e agardamos que do estudio da documentación existente nos distintos arquivos que fagan os medievalistas, singularmente no da Catedral de Santiago, saia algunha referencia que confirme a nosa hipótese, porque é de lamentar que, ata agora, agás a información proporcionada polo pleito Tabera-Fonseca e uns poucos textos mais, sepamos tan pouco deste Castelo a través das fontes documentais cando foi un dos más relevantes da Mitra compostelana, testemuña dunha etapa moi importante da historia baixomedieval galega.⁹

Por outra parte, e como todos anos, a empresa BIC SLL. de restauración, traballou no xacemento levando a cabo as tarefas de consolidación nas estruturas exhumadas, no torreón SO e as estruturas da cerca muraria que van desde a entrada cara a via do tren. Na zona do pozo localizado no ano pasado, levaronse

⁶ Tamén hai que ter en conta o que relatan as fontes sobre o transporte das pedras do Castelo ao Pico Sagro para facer ali outra Fortaleza. Véxase a declaración do testigo Juan de Silva en el pleito Tabera-Fonseca (RODRIGUEZ GONZALEZ, A., Las Fortalezas de la Mitra Compostelana y los "irmadiños", MCMLXXXIV, p.180). A existencia desta fortaleza está avalada polas referencias existentes sobre diverso armamento, singularmente ballestas, algo sorprendente si temos en conta o que narran algunas fontes sobre que só podería acoller dez ou doce homes. (FRAGA DIEZ, G.F.C., Referencias a las armas utilizadas en las luchas nobiliarias gallegas en el siglo XV, Gladius 1988, p.104)

⁷ As actuacións derivadas das obras do Tren de Alta Velocidade incidiron gravemente sobre o xacemento xa que se expandiron pola parte Norde do mesmo, de xeito que será imposible no futuro intervir nesa zona que afecta ao torreón NE da muralla interior e a continuidade da barbacá cara á vía férrea.

⁸ FRAGA DIEZ cit., p.105

⁹ Para as obras de D. Juan Arias na Catedral compostelana e a influencia francesa nesa época é útil o artigo de PUENTE MÍGUEZ, J. A., La Catedral gótica de Santiago de Compostela: un proyecto frustrado de D. Juan Arias (1238-1266), Compostellanum 30 (1985), pp. 245-276

a cabo obras que consistiron na elevación dun muro perimetral e colmatouse o entorno con capas de grava e area misturada con cal compactada para a contención dos perfís arqueolóxicos que sustentan o torreón SO. Tamen se realizaron tratamentos e apeos nos perfís arqueoloxicos que sustentan estructuras.

Indicar, por último, que ficaron pendentes as actuacións encamiñadas a resolver os problemas causados pola auga na parte Sul da barbacá, que impiden a continuidade dos traballos, en tanto os técnicos de Patrimonio non resolván o drenaxe necesario, así como as posibilidades de intervención nas áreas exteriores ao recinto murario ata que non se solucionen os problemas das propiedades particulares, ainda que polo que sabemos, o Consorcio de Santiago xa ten programados para os próximos anos a adquisición dos terreos o que permitirá a realización do estudio global que tanto precisa este importante asentamento baixomedieval. testemuña dunha época importante na historia de Galicia.




FIGURA 1:
Levantamento topográfico 2006.




FIGURA 2:
Reconstrucción hipotética
da planta do castelo.



FIGURA 3: Vista da cerca oeste, o fondo sillares do torreón SO.



FIGURA 4: Vista da cerca oeste, o fondo sillares da torre da entrada.



FIGURA 5: Vista interior da cerca O.
Zona do pozo ao fondo.



FIGURA 6: Vista de los sectores 22/23 unha vez excavado



FIGURA 7: Alicerces do torreón SO.




FIGURA 8: Barbacá, Iiza e cerca Sul.



FIGURA 9: Elementos reutilizados na base da barbacá Sul.




FIGURA 10: Sector 35 no proceso de excavación.



FIGURA 11: Saída das canalizacóns.




FIGURA 12: Canle excavada na rocha.



FIGURA 13: Vista da Barbacá Leste tra la limpeza.



FIGURA 15: Bastión da barbacá Leste.




FIGURA 16: Barbacá entre o bastión e o talude.





FIGURA 17: Asas pertencentes a recipientes tipo xerra.




FIGURA 18: Fragmentos de cuncos de louza azul.




FIGURA 19: Pequeno cunco con esmalte en branco e borde de cántaro almohade.




FIGURA 20: Olas de borde horizontal aconcavado.




FIGURA 21: Olas de borde realzado (variante redondeada).




FIGURA 22: Fondos de recipientes de forma globular.




FIGURA 23: Materiaes líticos de decoración arquitectónica.




FIGURA 24: Fragmentos de fustes decorados.




FIGURA 25: Fragmentos de decoración arquitectónica.




FIGURA 26: Marcas de canteiro.



FIGURA 27: Tapadeiras.




FIGURA 28: Proyecto.



FIGURA 29: Cadeña de argolas ou pasadores ovalados.



FIGURA 30: Cadeña de argolas ou pasadores circulares.



FIGURA 31: Cravo de cabeza cadrada-plana.